


Nadal en Carballo

Do 4 de decembro ao 7 de xaneiro

Concello de
CARBALLO

Acendido da iluminación de Nadal

4 DEC


18.30 h

PRAZA DO CONCELLO



Chocolatada popular

Actuación da Charanga Bicoia



Feira de artesanía de Nadal

Do 5 ao 8 de decembro

Carpa do Nadal

De 11.00 a 14.00 h
De 17.00 a 20.00 h

Organizan
Concellaría de Feiras e Mercados
Concellaría de Medio Ambiente

Feira de artesanía

Exposición e venda

Produtos artesáns de Carballo e Bergantiños, animación musical e obradoiros para todas as idades.



1. Crúa - María Barca
2. Isa Bermúdez
3. Madeixalazos
4. Creacións Charo Rodríguez
5. Mimos de Eva
6. Son Artesana
7. Maluca Lobe
8. Anxóuxeres
9. Casa Curtis
10. Cousas de Razo
11. Vivo macramé
12. Miss Bolboretas



13. Amigurumis Cris
14. Rakelúa
15. Nunico
16. O Legado de Max
17. Senegaleses de Carballo
18. Nut&meg
19. ne/ma Espazo Creativo
20. Dobbo's Cookies
21. Xurumbelas
22. Bieiteira
23. Borrasca
24. Estilo Nil

Pequenadal

5 a 8 DEC

Actividades para nenos e nenas de 3 a 6 anos
con Bonecos Animación

Marcapáxinas
50 prazas. Reserva na propia carpa. Donativo 1€ a favor de O Legado De Max

Sábado 5 de decembro — *De 17.00 h a 19.00 h*

Pintacaras
De balde. Por orde de chegada.

Domingo 6 e luns 7 de decembro — *De 17.00 h a 19.00 h*

Pasta de modelar
50 prazas. Reserva na propia carpa. Donativo 1€ a favor de O Legado De Max

Martes 8 de decembro — *De 17.00 h a 19.00 h*

5 a 8 DEC

Legonadal



Talleres infantís de construción con Lego

Actividades para nenos e nenas de 4 a 10 anos
con Flavia González @wonderbrickss

Todos os días ás 11.00, 12.00, 17.00, 18.00 e 19.00 h
10 prazas por obradoiro. Reserva na propia carpa.
Donativo 1€ a favor de O Legado de Max

Nadal a man

Programa

Actividades para nenos e nenas a partir de 6 anos.
Reserva na propia carpa. Donativo de 2€ a favor de O Legado de Max.

5 DEC — SÁBADO
Empaquetaxe creativa
con Tótem Xestión
De 11.00 a 12.15 e de 12.30 a 13.45 h
15 prazas por obradoiro

5 e 6 DEC — SÁBADO e DOMINGO
Lámpadas de Nadal
con María Barca e Isa Bermúdez
De 17.30 a 19.00 h
15 prazas por obradoiro

6 DEC — DOMINGO
Elaboración de xabóns artesanais
con Tótem Xestión
De 11.00 a 12.15 e de 12.30 a 13.45 h
15 prazas por obradoiro

7 DEC — LUNS
Elaboración de calendarios
con María Barca e Isa Bermúdez
De 17.30 a 19.00 h
20 prazas

8 DEC — MARTES
Construción de marionetas
con María Barca e Isa Bermúdez
De 17.30 a 19.00 h
20 prazas

5 a 8 DEC — SÁBADO a MARTES
Obradoiros de postais
con María Barca e Isa Bermúdez
De 11.30 a 13.00 h
15 prazas por obradoiro

muebles Luis
DESDE 1994



Decembro en familia

Do 2 ao 23 de decembro

Contos, música, teatro e xogos para compartir o Nadal

Organiza
Concellaría de Bibliotecas, Arquivos e Normalización Lingüística

2 DEC
MÉRCORES

Pitiminí

Medrando con

Concerto para bebés con ***Davide González*** e ***Iria Pinheiro***.

17.00 e 18.30 h
Escolas do Xardín Agra de Caldas
Público ata 5 anos

9 DEC
MÉRCORES

Unha praia particular

Os Ratos de Lonxedetodo. En Lonxedetodo non para de chover, pero a imaxinación da ratiña Faifá non ten límites: decidiu montar unha praia particular... na biblioteca! Contacontos teatral para gozar en familia.

17.00 e 18.30 h
Biblioteca Rego da Balsa
Público de 4 a 8 anos, con acompañante

11 DEC
VENRES

De landras a Carballos
Medrando con Apego

A máquina do tempo das científicas

Teatro con ***Trémola Teatro***.

18.00 h
Escolas do Xardín Agra de Caldas
A partir de 6 anos

16 DEC
MÉRCORES

Medrando con

Xogando con Apego

Unha proposta de xogo con ***Bonecos Animación***.

17.00 e 18.00 h
Mercado Municipal
De 2 a 6 anos

23 DEC
MÉRCORES

Contos de Perrault

Os Ratos de Lonxedetodo. Os ratos revisitan os contos de Charles Perrault desde unha perspectiva actual e, coa axuda do público, representan O Cincento, unha versión propia e igualitaria do conto.

17.00 e 18.30 h
Biblioteca Rego da Balsa
Público de 4 a 8 anos, con acompañante



18 DEC
VENRES

Nadal con Apego

Medrando con Apego

Unha tarde para compartir a ilusión da visita do ***Apalpador***, con ***Anxo Moure***, e gozar da ***música e do baile tradicional*** con agrupacións locais.

16.30 h
Visita do Apalpador.
Entrada libre.

17.30 h
Obradoiros de foliada.
Con inscrición previa.

18.30 h
Foliada de Apego.
Entrada libre.





Feira doce

Sábado 12 e domingo 13 de decembro

Carpa do Nadal

Sábado 12, de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.00 h
Domingo 13, de 11.00 a 15.00 h

Organiza
Concellaría de Feiras e Mercados

Feira doce de Carballo

Unha fin de semana para saborear o Nadal!

A carpa de Nadal da Praza do Concello énchese de sabores, aromas e propostas para toda a familia coa Feira Doce de Carballo. Dezaseis expositores ofrecerán unha ampla variedade de produtos de panadaría, repostaría, chocolates, cafés e outras especialidades, nunha cita que combina gastronomía, obradoiros infantís, música e tradición.

Expositores

1. Panadaría A Milagrosa
2. Panadaría Serrano
3. Panadaría Roiser
4. Churrería María
5. Ceibo Café
6. Cafés Lúa
7. Zuccaro
8. Dobbo's Cookies
9. Pan con Chocolate
10. Arte Cachito
11. Doces de Senegal
12. Casa Curtis
13. Vallelongo
14. Mmmm! Xeados
15. Alimentación Rubio
16. Confitería San Luis

PROGRAMA

12 DECEMBRO SÁBADO

De 11.00 a 14.00 h

Obradoiros infantís

Unha mañá para deixar voar a imaxinación con decoración de galletas con fondant e impresión dixital, xogos sensoriais con neve, creación de elfos de Nadal, elaboración de renos doces e maquillaxe de fantasía.

De 17.00 a 21.00 h

Obradoiros infantís

A diversión continúa pola tarde con elaboración de espetadas doces dos Reis Magos, pequenos roscóns de Reis, flores de Pascua, chapas personalizadas e tatuaxes con motivos de Nadal.

20.00 h

Exhibición de música e danza de Senegal

Unha oportunidade para achegarnos á riqueza cultural e ás tradicións senegalesas a través da música e da danza.

Organiza: Asociación Senegaleses de Carballo

PROGRAMA

13 DECEMBRO DOMINGO



12.00 h

Visita do Apalpador

O noso querido Apalpador baixa das montañas para compartir un encontro moi especial cos nenos e nenas de Carballo. Unha visita chea de ilusión para manter viva unha das tradicións máis entrañables do Nadal galego.

13.00 h

Sesión vermú con The Crooners

A Feira Doce despedirase cunha sesión vermú amenizada pola música en directo de The Crooners.

Colabora: Bodegas Carballo





Nadal Rebuldeiro!

Do 19 ao 23 de decembro

Carpa do Nadal

Días 19, 20, 22 e 23, de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h
Día 21, de 16.00 a 20.00 h

Organizan
Concellarías de Igualdade, Mocidade, Mobilidade, Cultura e Innovación

Mundo Xogo Nadal

Do 19 ao 23 de decembro

Carpa do Nadal

Días 19, 20, 22 e 23, de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h
Día 21, de 16.00 a 20.00 h

Público infantil. Entrada de balde



ROLLY TOYS

Un universo cheo de materiais e vehículos de construción para que a rapazada poida gozar dunha experiencia do máis construtiva: bloques xigantes de cores, camións de bombeiros, tractores, escavadoras, cascos, petos, carretas, remolques...



MINIX

Espazo temático dedicado ao fútbol, con oito mesas de xogo para gozar do deporte en familia.

SUPERTHINGS

Un espazo familiar para mergullarse no apaixonante mundo de SuperThings, con seis mesas oficiais tematizadas e dous contedores cheos de personaxes das últimas coleccións para gozar do xogo e da aventura.





PLAYMOBIL

Desfruta dunha experiencia de xogo libre, inmersiva e participativa na que poderás descubrir o universo Playmobil a través de diferentes coleccións e temáticas oficiais. Oito mesas temáticas coas últimas coleccións.

O POLO PEPE



Un espazo de xogo e aprendizaxe deseñado especialmente para os/as máis peques, no que poderán desenvolver a súa imaxinación, achegarse á lectura e mellorar as súas habilidades motoras mentres desfrutan xunto aos seus personaxes favoritos do coñecido conto infantil.

Tres áreas temáticas:

Espazo Edutainment: dedicado á aprendizaxe mediante o xogo e equipada con actividades de estimulación cognitiva, puzzles e unha libraría coa colección completa de O polo Pepe.



Espazo Gym Montessori: deseñado para traballar o equilibrio, a coordinación e as habilidades psicomotrices mediante actividades inspiradas no método Montessori.

O Polo Pepe Park: zona de xogo libre tematizada que inclúe piscina de bolas, túnel e tobogán.



L.E.D. — Levitación, escapismo e desaparición

26 de decembro

Praza do Concello
Funcións: 12.00, 17.00, 18.30 e 20.00 h

O Mago Antón chega a Carballo co seu Magomóbil!

O emblemático vehículo do Mago Antón converterase nun pequeno teatro sobre rodas no que o imposible se fai realidade. Un espectáculo sorprendente que combina levitación, escapismo, desaparicións e xogos de ilusionismo orixinais para facer gozar a pequenos e maiores.

Unha experiencia máxica e chea de sorpresas, na que o público poderá vivir de preto a emoción e o misterio da maxia.

Entrada de balde, con reserva previa en carballo.gal
Para todos os públicos

28 DEC
LUNS


Xincana de elfos: de volta a Laponia

Carpa de Nadal

A partir das 11.00 h

Os elfos de Papá Noel teñen que regresar a Laponia e precisan axuda para superar a súa última misión!

Unha divertida xincana sobre rodas, con circuítos para bicicletas e patinetes, xogos, retos e agasallos. Unha oportunidade para gozar dunha mañá de diversión, habilidade e actividade física en familia.



29 DEC
MARTES

Pequenas landras de Nadal: obradoiros tecnolóxicos

Carpa de Nadal

De 10.00 a 13.00 h
Para nenos e nenas a partir de 4 anos

Unha mañá para experimentar, crear e descubrir a ciencia e a tecnoloxía a través do xogo!

> Postais de Nadal con luces LED
> Adornos con bolígrafos 3D
> Decoracións de madeira personalizadas
> Pulseiras con mensaxes secretas
> Chaveiros con código Morse

Obradoiros de aproximadamente 30 minutos, en formato continuo.

Actividade incluída no proxecto Talento quilómetro cero (TALK0), financiado pola Unión Europea no marco do programa Horizonte Europa (ACCIÓNS MARIE SKŁODOWSKA-CURIE – MSCA AND CITIZENS)



Festa infantil Fin de Ano

Despedimos o 2026 por adiantado cunha gran festa para os máis pequenos e pequenas!

30 de decembro

Carpa do Nadal. A partir das 17.00 h

A rapazada de Carballo terá a súa propia festa de Fin de Ano, con tres horas de diversión, música, baile, xogos e moitas sorpresas.

A celebración incluirá karaoke con DJ, o espectáculo musical Cantabaila, un camerino de maquillaxe de fantasía, un photocall con fotografías instantáneas e obradoiros de creación de antefaces, elaboración de canapés e sensibilización sobre o coidado da auga.

E, por suposto, non faltarán as **12 badaladas infantís**, con lambetadas no canto de uvas, cotillón e unha espectacular despedida con neve artificial. Unha festa para celebrar a chegada do 2027 con alegría, creatividade e diversión!

Patrocina Gestagua

19 DEC

SÁBADO

Festival de música e baile tradicional



Este ano a cita anual co festival de música e baile das agrupacións musicais de Carballo terá lugar no auditorio do Pazo da Cultura.

Este cita imprescindible porá en valor a música e baile tradicional como parte do noso compromiso para preservar e difundir o patrimonio inmaterial do noso concello e da comarca de Bergantiños.

Auditorio do Pazo da Cultura

19.00 h

Banda Municipal de Gaitas, AC Nemeth e AC Arume de Verdillo

Organiza Concellaria de Cultura
Colaboran as asociacións culturais de Carballo

Cantos de Nadal

En horario de mañá. Mercado municipal e rúas do centro urbano

O Nadal en Carballo tamén se canta! As agrupacións locais levarán as panxoliñas e os cantos tradicionais ao mercado municipal e ás rúas do centro urbano, enchendo de música e ambiente festivo as mañás dos dous domingos.

27 DEC

DOMINGO

Nemeth
Arume de Verdillo
Aires de Bergantiños

3 XAN

DOMINGO

San Campio Cances
Escola do Alprende
Coral de Bergantiños

Unha oportunidade para gozar da música en directo, compartir as tradicións do Nadal e poñer en valor o traballo das agrupacións culturais de Carballo.

Axenda CMUS Carballo

27 NOV	**Audición guitarra**	*19.00 h* / Salón de actos do Pazo da Cultura
30 NOV	**Audición viola**	*19.00 h* / Salón de actos do Pazo da Cultura
1 DEC	**Audición clarinete**	*17.00 h* / Salón de actos do Pazo da Cultura
1 DEC	**Audición violoncello**	*17.00 h* / Auditorio do Pazo da Cultura
1 DEC	**Audición percusión e acordeón**	*17.00 h* / Aula de Conxunto instrumental
1 DEC	**Audición trombón**	*19.00 h* / Salón de actos do Pazo da Cultura
1 DEC	**Audición frauta**	*19.00 h* / Auditorio do Pazo da Cultura
2 DEC	**Audición trompa**	*17.00 h* / Salón de actos do Pazo da Cultura
3 DEC	**Audición saxofón**	*17.00 h* / Salón de actos do Pazo da Cultura
3 DEC	**Audición violín G.E.**	*17.00 h* / Auditorio do Pazo da Cultura
3 DEC	**Audición trompeta**	*19.00 h* / Salón de actos do Pazo da Cultura
3 DEC	**Audición violín G.P.**	*19.00 h* / Auditorio do Pazo da Cultura
3 DEC	**Audición piano**	*19.00 h* / Salón de actos do Pazo da Cultura
16 DEC	**Concerto de Nadal I "Conto de Nadal"**	*19.00 h* / Auditorio do Pazo da Cultura
17 DEC	**Concerto de Nadal II**	*19.00 h* / Auditorio do Pazo da Cultura

Organiza Concellaría de Educación



Bailes de Nadal

6 DEC — **Dúo Élite**
De 18.00 a 21.00 h / Mercado municipal

13 DEC — **Trío Karma**
De 18.00 a 21.00 h / Mercado municipal

20 DEC — **Martín Reimúndez**
De 18.00 a 21.00 h / Mercado municipal

27 DEC (DOMINGO)

Baile Pre Fin de Ano

Dúo Veneguay
A partir das 19.00 h / Carpa da Praza do Concello
Badaladas e actividades de animación

3 XAN — **Mar Davila**
De 18.00 a 21.00 h / Mercado municipal

10 XAN — **Trío Digital**
De 18.00 a 21.00 h / Pazo da Cultura

Para todos os públicos / Organiza Concellaría de Terceira Idade



Augacamp Nadal

Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro

Un Nadal de xogos, deporte e auga

Un campamento para facilitar a conciliación familiar durante as vacacións escolares e gozar das mañás de Nadal compartindo xogos, deporte e novas experiencias. Haberá iniciación á patinaxe, ao hóckey e ao balonmán, xogos cooperativos, manualidades con materiais reutilizados e propostas para descubrir o valor da auga: experimentos, retos de aforro e unha visita educativa a instalacións do ciclo integral da auga.

De 09.00 a 14.00 h

CEIP Fogar


Nenos e nenas escolarizados no segundo ciclo de Educación Infantil e Primaria

100 prazas

Prezo: 30€ por todo o campamento

Inscricións:

Organiza: Concello de Carballo
Coordinan: Escolas Balonmán Xiria e Escola Lubiáns / Patrocina: Gestagua



Nadal Pequespectacular

Do 27 ao 30 de decembro

Pazo da Cultura

INFO ENTRADAS

VENDA ANTICIPADA
A partir do 10 de decembro. Máximo 4 por persoa.
Consultar en www.carballo.gal

VENDA DIRECTA/ BILLETEIRA
Venda entradas o mesmo día da función na billeteira do Pazo da Cultura, desde 90 minutos antes do inicio da actuación.

Organiza: Concellaría de Cultura | Colabora: Deputación da Coruña

27 DEC
DOMINGO
18.00 h

A serie Clopen

PISTACATRO (Novo circo)

Premio Nacional de Circo 2025

A partir dos 12 anos / 90 minutos / Prezo ordinario: 9€ / Prezo reducido: 5€



Acrobacias espectaculares, números aéreos, danza e moito humor danse a man en *A serie Clopen*, un espectáculo de circo contemporáneo que sorprende e emociona.

A través da historia de Alicia, unha adolescente que busca respostas sobre o mundo que a rodea, a proposta convida a mirar a realidade desde novas perspectivas.

Pistacatro crea unha experiencia única, chea de movemento, risco e creatividade onde demostra que o circo tamén pode facernos pensar mentres nos deixa coa boca aberta.

Intérpretes: Marián Bañobre, Luz García, Raquel Oitavén, Johann Hesse, Natalia Outeiro "Paja-rito", Guillermo Porta e Inés Santos/ Deseño movemento: Marta Alonso/ Iluminación e videoes-cena: Laura Iturralde/ Vestiario: Carlos Alonso/ Música orixinal: Xosé Lois Romero/ Dramaturxia: Clara Gayo e Pablo Reboleiro/Dirección: Pablo Reboleiro

28 DEC
LUNS
18.00 h

Tres ilusións

ARTESTUDIO (Maxia)

Público familiar / 70 minutos / Prezo ordinario: 7€ / Prezo reducido: 4€



A maxia, a fantasía e o asombro son os protagonistas de *Tres ilusións*, un espectáculo para deixarse sorprender e gozar en familia. Da man de Mago Rafa, Lore Lavand e Martín Camiña poderemos soñar, rir e recuperar a capacidade de marabillarnos.

Unha cita perfecta para compartir a ilusión en directo con diferentes números de maxia, onde o público será parte importante desta experiencia chea de emoción.

29 DEC
MARTES
18.00 h

O libro da selva

ÁRTIKA (Teatro musical)

A partir de 3 anos / 70 minutos / Prezo ordinario: 7€ / Prezo reducido: 4€

Mowgli comezará a súa viaxe pola selva, onde descubrirá o valor da amizade, a impor-tancia de traballar en equipo e a forza de aceptar as diferenzas.

Con cancións orixinais, coreografías vibrantes e unha posta en escena chea de cor, Ártika Teatro reinventa o clásico O libro da selva nun espectáculo que fará rir, soñar e emocionarse a pequenos e maiores. Unha aventura chea de música e baile para toda a familia.


Vanessa Rábade

Intérpretes: Rocío Salgado, Yoel Alonso, Fernanda Barrio, Marcos Alonso e Irene Lorenzo/ Deseño iluminación e composición musical: Anxo Fernández/ Deseño de vestiario e escenogra-fía: Gustavo Brito/ Dirección: Marcos Alonso

30 DEC
MÉRCORES
12.00 h

comedIA

PÍSCORE (Teatro musical)

Público familiar / 70 minutos / Prezo ordinario: 5€ / Prezo reducido: 3€

Houston, temos un problema!

Chegaremos a habitar Marte? Hai vida noutros planetas?

Píscore lévanos a unha divertida aventura polo espazo, onde o humor e a música se mesturan con astronautas, extraterrestres e sorprendentes instrumentos.

ComedIA explora con gags trepidantes, referencias cinematográficas e moitas sorpresas a carreira espacial e a intelixencia artificial, cunha mirada disparatada e chea de ritmo. Un espectáculo para rir a gargalladas e descubrir que o universo tamén pode soar moi divertido.

Intérpretes: Pepe Varela, Félix Rodríguez, Diego Rosal e Pablo Cabanelas/ Dirección: Fran Rei.



Nadal Máxico

Do 2 ao 4 de xaneiro

Carpa do Nadal

talk
TALENTO QUILÓMETRO CERO

Organiza
Concellaría de Innovación

BENVIDO, ANO MÁXICO

Ciclo de obradoiros e espectáculos de maxia científica incluídos no proxecto Talento Km0

2 XAN
SÁBADO

11.00 a 12.00 h e de 12.30 a 13.30 h

Obradoiros de maxia con ***Magia en la manga***
30 prazas en cada obradoiro. Inscricións en carballo.gal

18.00 h

Espectáculo ***A igualdade non ten truco,***
con ***Magia en la manga***

É certo que estamos afeitos a ver magos, pero tamén teñen existido e existen hoxe moitas mulleres magas. A igualdade non ten truco é un espectáculo de maxia que procura promover a igualdade de xénero a través da arte do ilusionismo e das vivencias das mulleres ilusionistas. Da man de Sara Rodríguez e Óscar Fernández, un espectáculo divertido e máxico, pensado para transmitir ademais unha mensaxe moi importante nestes tempos.



3 XAN
DOMINGO

12.00 a 13.00 h

Obradoiro de maxia con ***Martín Camiña***
25 prazas. Inscricións en carballo.gal

18.00 h

Espectáculo ***As aventuras dunha célula chamada a trunfar,*** coa ***Maga Fani***



Sorrisos e pasmos baseados na historia, case real, dunha célula amiga....mais, non unha célula calquera: unha que saíu do mar, foi de mudanza e trunfou!

Maga Fani conducirá un acto escénico de abraios surrealistas, narrando como escachar membranas celulares e pór, encol do citoplasma, un feixe de gargalladas cun espectáculo para todo tipo de organismos: tanto eucariotas como procariotas.

4 XAN
LUNS

11.00 a 13.00 h

Obradoiros Maker Maxia, con obxectos impresos en 3D, materiais sinxelos e elementos de refugallo. Tres sesións de 40 minutos de duración. Inscricións en carballo.gal

18.00 h

Espectáculo ***CIENTIMAGO,*** co ***Mago Richard***



MAXIA · CIENCIA · TECNOLOXÍA

Un espectáculo profesional de divulgación científica que combina maxia, ciencia e tecnoloxía.

Un mago interpreta o papel dun científico, mentres un científico escéptico analiza os experimentos e cuestiona todo o que acontece no escenario. O público terá que decidir en cada momento: maxia ou ciencia?

O espectáculo propón un percorrido pola historia da ciencia e da tecnoloxía, desde o Big Bang ata os buratos negros, a través de experimentos, ilusións, humor e participación do público. Unha proposta interactiva e sorprendente para achegar a ciencia dun xeito divertido e espectacular.



Nadal no comercio e na hostalaría

MERCA LOCAL E FAI MEDRAR CARBALLO

O Centro Comercial Aberto (CCA) Carballo recompensa a fidelidade da clientela cunha campaña que aposta polo comercio de proximidade. Coas compras que realices nos establecementos asociados poderás participar no sorteo dunha paga de 300 euros ao mes durante todo un ano, ademais de catro cheques de 500 euros patrocinados por Vázquez y Reino.

Sorteo: Venres, 8 de xaneiro de 2027
Organiza: CCA Carballo

Para facilitar as compras de Nadal, os establecementos asociados ao CCA Carballo abrirán tamén os seguintes días:

Decembro:
Sábados 5, 12, 19 e 26
Xaneiro:
Sábado 2 e domingo 3

Os establecementos hostaleiros A Xamonería, Boa, Oito e Korner únense para ofrecer unha programación especial coa que celebrar as festas e despedir o ano ao ritmo da mellor música.

26 DEC
SÁBADO

Música en directo e DJ's
Carpa do Rego da Balsa

18.00 h | Tren da 1
19.30 h | Jedhill
21.00 h | Laura Añón
23.00 h | Show DJs Glowfest

1 XAN
VENRES

Noite máxica

A partir da 01.00 h.
Carpa do Rego da Balsa.

A festa continúa na primeira madrugada do 2027 cunha noite máxica amenizada polos DJs residentes. Música, diversión e o mellor ambiente para darlle a benvida ao novo ano. Entradas: Á venda nos establecementos organizadores. Organizan: A Xamonería, Boa, Oito e Korner.



Nadal no Mercado Municipal

Do 24 ao 31 de decembro

PETISCOS DE NADAL

Xoves 24 e domingo 27 de decembro

Este Nadal, mercar no mercado municipal ten premio! As túas compras serán recompensadas cun vale para gozar dun petisco de Nadal. Unha iniciativa para agradecer a fidelidade da clientela e seguir apostando polos produtos frescos, de proximidade e de calidade.

SORTEO FINAL DA CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN

Xoves 31 de decembro

O mercado municipal despide o ano repartindo premios! Entre todas as tarxetas de fidelidade depositadas na urna ao longo do 2026 sortearanse 1.400 euros en vales de compra, distribuídos en tres premios:

Primeiro premio: 700 €
Segundo premio: 420 €
Terceiro premio: 280 €

Os vales poderán utilizarse nos postos do mercado municipal ao longo do ano 2027.

Organizan: Asociación A Praza e Concellaría de Feiras e Mercados



Visitas

O Apalpador



13 DEC
DOMINGO

Carpa de Nadal
A partir das 12.00 h

O Apalpador visitará a Feira Doce acompañado por trasgos que reparten tradición e cultura con caramelos!

18 DEC
VENRES

Mercado Municipal
A partir das 16.30 h

O Apalpador regresará a Carballo cargado de plantas de carballo e de historias para contarlles aos nenos e nenas na Foliada do Nadal.

Papá Noel *Do 20 ao 24 de decembro*



Casiña da Praza do Concello

Do 20 ao 23, de 17.30 a 20.30 h
Día 24, de 11.00 a 14.00 h

Papá Noel, acompañado polos seus elfos, recibirá aos nenos e nenas na súa casiña de madeira, traída directamente desde Laponia ata Carballo!

Organizan: CCA Carballo e Concellaría de Promoción Económica



Cabalgata de Reis

Carballo
5 de xaneiro

17.00 h · NOVO PUNTO DE SAÍDA
Aparcadoiro do Pazo da Cultura

19.30 h (horario aproximado)
Chegada á Praza do Concello e a continuación, recepción dos Reis Magos aos nenos e nenas

Máis información en www.carballo.gal. O itinerario pode seguirse a través da páxina web do Concello en carballoenrede.com

18.00 h
Animación musical coa Dj Mari Faltri na Praza do Concello

Colabora: Deputación da Coruña

Organiza: Concellaría de Cultura / Colaboran: Agrupación de Voluntarios e Voluntarias de Protección Civil, Servizo Municipal de Protección Civil, Policía Local de Carballo, Parque de Bombeiros de Carballo e Brigada Municipal de Obras.

Cabalgatas de Reis nas parroquias



4 XAN

BÉRTOA / 14.00 a 18.00 h
Organiza: AVV Santa Eufemia de Bértoa

5 XAN

ARDAÑA / 16.00 h
Organiza: AVV Santa María de Ardaña

A BREA / 18.00 h
Organiza: AC Mestra Carmen Cancela

LEMA / 17.00 18.00 h
Organiza: AC Ría de Lema

SÍSAMO / 17.00 h
Organiza: AX Santiago Apóstolo

VERDILLO / 17.00 h
Organiza: AC X Arume Verdillo

6 XAN

CANCES / 09.00 h / Organiza: AC San Campio de Cances
Ao remate da cabalgata, haberá misa na capela e cantos de nadal con Coro de Cances e as cantareiras de San Campio.

SOFÁN / 09.00 h / Organiza: AAVV San Salvador de Sofán

Itinerarios e horarios como en anteriores edicións
Organizan asociacións das distintas parroquias / Colabora Concello

O Nadal nas parroquias



ARDAÑA

Sábado, 5 de decembro | 16.00 h
Obradoiro de galletas de Nadal
Unha tarde para que os nenos e nenas elaboren galletas de Nadal e colaboren na decoración do centro social.
Lugar: Centro Social de Ardaña.
Prezo: 5 € por participante.
Inscricións a través da directiva da asociación.

Venres, 18 de decembro | Pola tarde
Obradoiro de arte floral
Elaboración dun centro floral para decorar a casa durante o Nadal.
Grupos dun máximo de 10 persoas.
Prezo: 12 € para persoas socias e 15 € para non socias. Inscricións a través da directiva.
Organiza: Asociación de Veciños Santa María de Ardaña.

A BREA

Sábado, 12 de decembro | 17.00 h
Obradoiro de decoración de centros de Nadal
Lugar: Centro Social A Brea.
Inscricións a través da directiva da asociación.

CANCES

Domingo, 20 de decembro | 18.00 h
Festival de Nadal
Un encontro festivo para celebrar o Nadal en comunidade.
Lugar: Centro Social de Cances.
Organiza: Asociación cultural San Campio de Cances.

ENTRECRUCES

Domingo, 20 de decembro | 16.00 h
Visita de Papá Noel
Papá Noel visitará o Centro Social de Entrecruces para compartir unha tarde especial cos nenos e nenas da parroquia.
Organiza: Asociación cultural San Xens de Entrecruces

LEMA

Sábado, 19 de decembro
Obradoiros de Nadal e visita de Papá Noel
Unha xornada de actividades infantís con obradoiros, merenda, entrega de cartas a Papá Noel e agasallos.
Inscrición previa.
Organiza: Asociación cultural Ría de Lema

SOFÁN

Sábado, 5 de decembro
Guateque infantil con maxia
Unha festa para os nenos e nenas, cun espectáculo de maxia e moita diversión. Organiza: Asociación de veciños San Salvador de Sofán

VERDILLO

Sábado, 28 de novembro | 17.00 h
Obradoiro de Nadal
Actividade infantil de temática do Nadal. Inscrición previa.

Mércores, 16 de decembro | 10.00 h
Obradoiro de risoterapia
Unha actividade dirixida ao público adulto para compartir risas e benestar. Inscrición previa.

Domingo, 20 de decembro
Concurso «Verdillo alumea polo Nadal»
Fallo do concurso de decoración exterior de Nadal. Inscrición previa.
Organiza: Asociación Cultural Arume de Verdillo.

Parroquia de San Xoán Bautista

A parroquia de Carballo súmase á celebración do Nadal cun programa de actividades culturais, solidarias e relixiosas organizado en colaboración co Centro Social San Xoán Bautista e a Asociación de Pais Católicos.

Novembro

Desde o 15 de novembro | Campaña solidaria de Cáritas
Instalación dunha carpa no adro parroquial para a Operación Quilo-Litro, unha iniciativa de recollida de alimentos e produtos de primeira necesidade destinada ás persoas e familias que máis o precisan.

Decembro

4, 9, 10 e 11 de decembro | Obradoiro de decoración de Nadal
Actividade creativa para elaborar adornos e elementos decorativos propios destas festas.

Ata o 20 de decembro | Campaña «Prepara o Nadal na túa parroquia, na túa casa e no teu corazón»
Iniciativa de ambientación e participación arredor do Nadal, que inclúe a proposta «Sementadores de estrelas».

19 de decembro | 20.00 h | Pregón de Nadal
A igrexa parroquial acollerá o tradicional pregón de Nadal, a cargo de **Cristina Abelleira**, xornalista e responsable de comunicación do Concello de Carballo. O acto completarase cun recital de panxoliñas a cargo do Coro Parroquial, a Coral de Bergantiños e Aires de Bergantiños.

20 de decembro | Misa intercultural
Celebración coa participación de persoas latinoamericanas residentes en Bergantiños, con aguinaldos de diferentes países e degustación de produtos típicos.

21 de decembro | Visita á residencia DomusVi
Encontro coas persoas residentes para compartir o espírito do Nadal.

24 de decembro | 20.00 h | Misa do Galo
Celebración con panxoliñas e adoración ao Neno Xesús. Inauguración do belén do adro parroquial e dos beléns instalados na igrexa.

25 de decembro | 12.30 h | Nadal do Señor
Misa solemne de Nadal na igrexa parroquial, coa escenificación do nacemento vivente.

26 de decembro | 20.00 h | Celebración comunitaria dos aniversarios de voda
Encontro para conmemorar as vodas de prata, ouro e diamante.

Xaneiro

1 de xaneiro | 12.30 h | Misa de Aninovo
Celebración solemne na igrexa parroquial e distribución do calendario de 2027.

6 de xaneiro | 12.30 h | Misa de Reis
Celebración solemne da Epifanía, coa escenificación da adoración dos Reis Magos.



O Nadal día a día

Listaxe cronolóxica das actividades

Decembro

4 de decembro · venres
18.30 h · Acendido da iluminación de Nadal, chocolatada e Charanga Bicoia · Praza do Concello

Do 5 ao 8 de decembro
11.00–14.00 e 17.00–20.00 h · Feira de Artesanía de Nadal · Carpa de Nadal. Exposición e venda de produtos artesáns
Pequenadal, Legonadal e obradoiros Nadal a man (horarios segundo actividade)

6 de decembro · domingo
18.00–21.00 h · Baile co Dúo Élite · Mercado municipal

9 de decembro · mércores
17.00 e 18.30 h · Unha praia particular, cos Ratos de Lonxedetodo
Biblioteca Rego da Balsa

11 de decembro · venres
18.00 h · De landras a carballos. A máquina do tempo das científicas · Escolas do Xardín Agra de Caldas

12 de decembro · sábado
11.00–14.00 e 17.00–21.00 h · Feira Doce · Carpa de Nadal.
Obradoiros infantís de mañá e de tarde
20.00 h · Exhibición de música e danza de Senegal

13 de decembro · domingo
11.00–15.00 h · Feira Doce · Carpa de Nadal
12.00 h · Visita do Apalpador · Feira Doce
13.00 h · Sesión vermú con The Crooners
18.00–21.00 h · Baile co Trío Karma · Mercado municipal

16 de decembro · mércores
17.00 e 18.00 h · Xogando con Apego · Mercado municipal
19.00 h · Concerto de Nadal I do CMUS («Conto de Nadal»)

17 de decembro · xoves
19.00 h · Concerto de Nadal II do CMUS

18 de decembro · venres
16.30 h · Visita do Apalpador · Nadal con Apego
17.30 h · Obradoiros de foliada; 18.30 h · Foliada de Apego

19 de decembro · sábado
11.00–14.00 e 16.00–20.00 h · Comeza Nadal Rebuldeiro / Mundo Xogo Nadal · Carpa de Nadal (ata o 23, con horario especial o 21)
19.00 h · Festival de música e baile tradicional · Auditorio do Pazo da Cultura

20 de decembro · domingo
18.00–21.00 h · Baile con Martín Reimúndez · Mercado municipal.
Comezan as visitas de Papá Noel á casiña da Praza do Concello (do 20 ao 24)

21 de decembro · luns
16.00–20.00 h · Nadal Rebuldeiro · Carpa de Nadal

22 de decembro · martes
11.00–14.00 e 16.00–20.00 h · Nadal Rebuldeiro · Carpa de Nadal
Comeza Augacamp Nadal · CEIP Fogar (ata o 7 de xaneiro, nas datas do campamento)

23 de decembro · mércores
11.00–14.00 e 16.00–20.00 h · Nadal Rebuldeiro · Carpa de Nadal
17.00 e 18.30 h · Contos de Perrault, cos Ratos de Lonxedetodo · Biblioteca Rego da Balsa

24 de decembro · xoves
Petiscos de Nadal coas compras · Mercado municipal.
11.00–14.00 h · Último día de visita de Papá Noel · Praza do Concello

26 de decembro · sábado
12.00, 17.00, 18.30 e 20.00 h · Mago Antón: L.E.D. · Praza do Concello (reserva en carballo.gal)
18.00 h · Tren da 1; 19.30 h · Jedhill; 21.00 h · Laura Añón; 23.00 h · DJs Glowfest · Carpa do Rego da Balsa

27 de decembro · domingo
Pola mañá · Cantos de Nadal: Nemeth, Arume de Verdillo e Coro Aires de Bergantiños · Mercado municipal e rúas do centro
Petiscos de Nadal · Mercado municipal
18.00 h · Nadal Pequespectacular: A serie clopen (Novo circo) · Pazo da Cultura
A partir das 19.00 h · Baile Pre Fin de Ano co Dúo Veneguay · Carpa da Praza do Concello

28 de decembro · luns
A partir das 11.00 h · Xincana de elfos: de volta a Laponia · Carpa de Nadal.
18.00 · Nadal Pequespectacular: Tres ilusións (Maxia) · Pazo da Cultura

29 de decembro · martes
10.00–13.00 h · Pequenas landras do Nadal: obradoiros tecnolóxicos · Carpa de Nadal
18.00 · Nadal Pequespectacular: O libro da selva (Teatro musical) · Pazo da Cultura

30 de decembro · mércores
12.00 · Nadal Pequespectacular: comedIA (Teatro músical) · Pazo da Cultura
A partir das 17.00 h · Festa infantil de Fin de Ano · Carpa do Nadal

31 de decembro · xoves
13.30 h · Sorteo final da campaña do mercado municipal

Xaneiro

1 de xaneiro · venres
01.00 h · Noite máxica con DJs residentes · Carpa do Rego da Balsa

2 de xaneiro · sábado
11.00–12.00 e 12.30–13.30 h · Nadal máxico. Obradoiros de maxia
18.00 h · Nadal máxico. A igualdade non ten truco, con Magia en la manga

3 de xaneiro · domingo
Pola mañá · Cantos de Nadal: San Campio de Cances, Escola do Alprende e Coral de Bergantiños · Mercado municipal e rúas do centro
12.00–13.00 h · Nadal máxico. Obradoiro de maxia con Martín Camiña
18.00 h · Nadal máxico. Espectáculo As aventuras dunha célula chamada a trunfar, coa Maga Fani
18.00–21.00 h · Baile con Mar Davila · Mercado municipal

4 de xaneiro · luns
11.00–13.00 h · Nadal máxico. Obradoiro Maker Maxia
18.00 h · Nadal máxico. Espectáculo Cientimago, co Mago Richard

5 de xaneiro · martes
17.00 h · Cabalgata de Reis · Saída do aparcadoiro do Pazo da Cultura
A partir das 19.30 h · Recepción real · Praza do Concello

Vaite logo meu ninín / miña neniña,
marcha agora pra a camiña,
que vai vir o Apalpador
a apalparche a barriguiña.
Mañá é día de cachela
que haberá gran nevarada
e vai vir o Apalpador
cunha mega de castañas.
Por aquela cemba
xa ven relumbrando
o señor Apalpador
para darvos o aguinaldo.

Cantiga popular

Bo Nadal!

Nadal en Carballo
2026

Concello de
CARBALLO